

NOTA DE PRENSA

Conclúe o intensivo programa práctico de formación en Psicoloxía Sanitaria 2014 impartido polo COPG

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2014.- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia vén de clausurar o curso “Formación en Psicoloxía Sanitaria 2014. Grupo de Prácticas”, que comezou o pasado mes de marzo. A actividade lectiva, na que participaron dez alumnos/as, consistiu en 100 horas de formación para adquirir algunhas das destrezas básicas para o exercicio da profesión no ámbito sanitario.

O programa contou coa simulación de casos clínicos, nos que outros/as psicólogos/as colexiados/as actuaban como pacientes afectados dun problema susceptible de ser tratado nunha consulta de psicoloxía.

Cada alumno/a avaliou casos de xeito individual, mentres o resto da clase puido ver o que acontecía na entrevista a través dun sistema pechado de vídeo. Isto permitiu abrir debates sobre as diferentes intervencións aplicadas na entrevista terapéutica.

Unha parte do traballo engadido foi a revisión e resposta de cuestións sobre casos clínicos a través da plataforma de formación online do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (<http://copgalicia.eu>). As avaliacións realizadas polo propio alumnado valoraron dun xeito moi positivo os contidos, metodoloxía, organización e coordinación deste curso intensivo.

Sáúdos,

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
686 994 089
Raquel Miranda
634 599 932
comunicacion@copgalicia.org

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
www.copgalicia.es
copgalicia@cop.es